

CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA

R./Palmeira nº25 -Tno.:986/527080-Fax: 986/528700

36620-A Illa de Arousa (PO).

D. DANIEL ÁNGEL LAMAS BELLO, SECRETARIO DO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA,-----

CERTIFICO: Que dos datos que figuran nestas dependencias ó meu cargo, hai un informe do servizo técnico municipal que di o seguinte:

“Pastora Parada Portas, Arquitecto Municipal do Ilmo. Concello de A Illa de Arousa ante o asunto epigrafiado a continuación ten a ben reseñar o seguinte :

Asunto	CONDICIÓN URBANÍSTICAS (Terreos Comprendidos dentro do Ámbito da AR-20)
Situación Parcela	Cabodeiro
Solicitante	Residencial Illa de Arousa B-36.942.076
Enderezo	Crta. de Madrid 150- Kms Vigo-Pontevedra

Segundo o PXOM de A Illa de Arousa aprobado definitivamente o 14 de febreiro do 2002 e publicado no B.O.P. do 7 de marzo do 2002, este solo clasificabase como **SOLO URBANO NON CONSOLIDADO**, e formaba parte do ámbito da AREA DE REPARTO Nº 20 e este solo califícase “de edificación intensiva, situación 1.5: Áreas para as que se asinaron convenios urbanísticos” regulado no apartado 3.2.1.10. do texto da Normativa e na folia nº 4 da planimetría a escala 1/1000 do citado PXOU.

Por parte da empresa RESIDENCIAL ILLA DE AROUSA se toma a iniciativa de iniciar o desenvolvemento desta Area de Reparto sendo a tramitación da mesma a seguinte:

CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA
R/.Palmeira nº25 -Tno.:986/527080-Fax: 986/528700
36620-A Illa de Arousa (PO).

Con data do 05/05/05 tomouse acordo plenario de aprobación definitiva do PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR .

Con data do 22/11/2004 publicouse no BOP a aprobación definitiva das Bases e Estatutos da Xunta de Compensación

Con data do 30/12/2005 aprobouse definitivamente na Xunta de Goberno Local do PROXECTO DE COMPENSACIÓN

Con data do 28/04/2006 aprobouse definitivamente o Proxecto de urbanización.

Unha vez desenvolvidos o Planeamento de Desenvolvemento e os instrumentos de Planeamento a solo do Ambito da AR- 20 pasa a ter a Condición de Solo Urbano Consolidado polo que :

Con data do 20 de marzo de 2006 tomouse acordo na Xunta de Goberno Local de conceder licenza en Proxecto Básico para a Construcción de 4 inmobles con soto, planta baixa, duas plantas e aproveitamento Baixo Cuberta para 127 vivendas e 200 prazas de garaxe, redactado polo Arquitecto D.Alfonso Penela Fernández e visado polo Colexio de Arquitectos de Galicia con data do 28/12/2005.

Con data do 28 de xullo de 2006 presentouse proxecto de execución e con data do 05/09/2006 uns cambios e aclaración ó presentado con data do 28 de xullo, neste proxecto de execución se pretende construír unha primeira fase de execución do que se estipula no planeamento de desenvolvemento da Area de Reparto nº-20, pasando a denominarse 1ª Fase de execución do Básico visado con data do 28/12/2006.

Nesta primeira fase de execución se levarán a cabo a construción de tres inmobles con soto, planta baixa, duas plantas e aproveitamento baixo cuberta para 119 vivendas, tomando acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de setembro de 2006 de conceder licenza de obras para este proxecto de execución

CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA


R/.Palmeira nº25 -Tno.:986/527080-Fax: 986/528700

36620-A Illa de Arousa (PO).

Asdo.: A Arquitecta Municipal en data 22 de febreiro de 2007"

E para os efectos oportunos, firmo a presente co visto e praxe do Sr. Alcalde presidente en A Illa de Arousa a vintetrés de febreiro de dous mil sete.

Vº E PRACE
O ALCALDE.,



Asdo. José Manuel Vázquez Vázquez

